



MINISTERIO
DE CULTURA
Y DEPORTE

CONSEJO SUPERIOR DE DEPORTES

O F I C I O

S/REF.: SUBDIRECTOR GENERAL DE RÉGIMEN JURÍDICO DEL DEPORTE
N/REF.: CE 63/18
FECHA: 13 de diciembre de 2018
ASUNTO: Reprobación a la Federación Gallega de Fútbol.
DESTINATARIO: D. BENEDICTO GARCIA MERINO. COORDINADOR GENERAL DE LA FEDERACIÓN CORA.
C/ López Gómez 22 – 1º Izq. 47002. Valladolid

Consejo Superior de Deportes
Registro General del Consejo
Superior de Deportes
SALIDA
NB Res: 000000231s1800009132
Fecha: 18/12/2018 12:40:04

De acuerdo con lo solicitado en su comunicación de fecha de 6 de diciembre de 2018, con registro de entrada en este Organismo el 7 de diciembre de 2018, en relación con el asunto de referencia, adjunto se remite la documentación solicitada.

Ramón Barba Sánchez

Correo electrónico:
régimenjuridico@csd.gob.es

MARTÍN FIERRO 5
28040 MADRID
TEL: 915 896 769
FAX: 915 896 673

CSV : GEN-2c39-a087-ff9b-31bc-0cf4-fb1a-921d-5efc

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://sede.administracion.gob.es/pagSedeFront/servicios/consultaCSV.htm>

FIRMANTE(1) : RAMON BARBA SÁNCHEZ | FECHA : 14/12/2018 09:36 | Sin acción específica





REAL FEDERACIÓN GALEGA DE FÚTBOL
RÚA JUAN DE CIORRAGA, N.º 3 BAIXO
15008 A CORUÑA

Asunto: Menores adoptados

En datas recentes, esta secretaría Xeral para o Deportes mantivo unha xuntanza coa Asociación Galega de Axuda á Adopción na que esta asociación trasladou a problemática derivada dos requisitos que se están esixindo por esa Real Federación Galega de Fútbol para a tramitación de fichas ou licenzas federativas aos menores adoptados.

A este respecto, debemos informar a esa Real Federación que, con independencia da normativa emanada das federacións deportivas internacionais (entidades xurídicas privadas), as federacións deportivas están sometidas ao ordenamento xurídico vixente en Galicia e en España, ordenamento que están obrigadas a respectar e acatar.

Sinalar que segundo o establecido no artigo 19.1 do Código Civil “O estranxeiro menor de dezaioito anos adoptado por un español adquire, desde a adopción, a nacionalidade española de orixe.”. Polo tanto, os menores adoptados por españois son, de dereito, españois de orixe, polo que non se lles pode esixir o cumprimento de mais ou distintos requisitos que os esixidos aos españois nados en territorio español.

En ningún caso, os menores adoptados poden ser considerados como deportistas que proceden do exterior, pois, como xa se indicou, a efectos do ordenamento xurídico español aplicable nestes casos, son españois a todos os efectos, non podendo estar sometidos a un réxime xurídico e requisitos distinto aos nacionais nados en España, polo que a esixencia duns requisitos que non lle corresponde acreditar, non se adapta á lexislación vixente, pois non se atopan no suposto de feito establecido para a esixencia deses requisitos.

Solicítase que unha vez reciban esta comunicación, informen a esta secretaría xeral para o Deporte das medidas adoptadas para adaptar a regulamentación desa Real Federación ao ordenamento xurídico citado.

Santiago de Compostela

O subdirector xeral de Plans e Programas

Miguel López Sieiro

